

Se desexades asistir ás xornadas,
podedes inscribivros gratuitamente
a través do enderezo electrónico

espazolectura@gmail.com

ou chamando ao número

619 292 991

antes do 14 de outubro

Espazo Lectura

www.espazolectura.org

LENDO

En faMiLiA

XORNADAS PARA A PROMOCIÓN
DA LECTURA NO ÁMBITO FAMILIAR

GONDOMAR

Centro neural

16 E 17 DE OUTUBRO DE 2009

Organiza:



Colabora:



A familia é o primeiro espazo onde os nenos e nenas poden entrar en contacto co libro e a lectura, polo que resulta fundamental que as nais e pais tomen conciencia do seu papel como mediadores entre os seus fillos e fillas e a lectura, e que asuman con ilusión ese labor de aprendizaxe compartida.

Espazo Lectura é consciente de que a formación e o intercambio de experiencias son importantes para que as nais e pais se sintan seguros e acompañados nese camiño. As xornadas **Lendo en familia** queren ser un paso máis nese esforzo por compartir lecturas: para aprender a contar contos e a ler cos nosos fillos e fillas, para reflexionar sobre a importancia da lectura na súa formación, para coñecer o que se está a publicar en literatura infantil e xuvenil, para divertirse e aprender trucos e para coñecer as ferramentas que poden axudarnos a gozar dese proceso.

As xornadas van dirixidas a persoas adultas. Haberá un **SERVIZO DE LUDOTECA** para atender os nenos e nenas mentres as nais e pais asisten ás diferentes sesións. Só nas actividades sinaladas cun asterisco (*) participarán tamén as nenas e nenos.

VENRES, 16 DE OUTUBRO

- **17:00h.** Inauguración das xornadas.
- **17:30h-18:30h.** Conferencia inaugural.
 - **CONCHA COSTAS**, presidenta de Espazo Lectura.
«LER EN FAMILIA: UNHA RESPONSABILIDADE E UN PRACER»
- **18:30h-19:30h.**
 - **CRISTINA NOVOA**, asesora de bibliotecas escolares da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.
«FAMILIAS LECTORAS E BIBLIOTECAS: AQUÍ FACEMOS FALTA TODOS!»
- **19.30h.-20:30h.**
 - *Traslado en autobús á **CASA DA LECTURA** (Donas) e SESIÓN DE CONTACONTOS a cargo de **ROSANA ESTÉVEZ**, vicepresidenta de Espazo Lectura e coordinadora da área de dinamización.

SÁBADO, 17 DE OUTUBRO

- **10:30h-11:30h.**
 - **PAULA CARBALLEIRA**, escritora, contadora e actriz.
«MAÑAS PARA CONTAR UN CONTO»
- **12:00h.**
 - *CONTACONTOS de **PAULA CARBALLEIRA**.
- **13:00h.** Visita á EXPOSICIÓN DE MATERIAIS e presentación da **GUÍA DAS XORNADAS**.
- **14:00h-16:30h.** Xantar.
- **17:00h-18:30h.** Mesa redonda:
 - «A EXPERIENCIA DE MEDRAR NUNHA CASA NA QUE SE LE»
 - **DOLORES VILAVEDRA**, profesora da Universidade de Santiago e nai nunha casa na que se le.
 - **MARÍA DO CEBREIRO**, escritora e filla nunha casa na que se le.
- **19:00h-20:00h.** Conferencia de clausura.
 - **AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ**, escritor.
«A DESCUBERTA DO MUNDO»